


ESCOLAS Culturais Municipais

2026-2027





ARTES PLÁSTICAS

Obradoiro impartido por un animador sociocultural, artista plástico e pintor. Traballaranse técnicas como: lapis, carbón, sanguina, tinta china, óleo, pastel, collage así como moldeado de arxila...

CALO ESCOLA DE AMENEIRO

Luns de 16:15 h a 17:30 h.

De 6 a 10 anos

Luns de 17:30 h a 18:45 h.

De 3 a 6 anos

Luns de 18:45 h a 20:00 h.

De 11 a 14 anos

Luns de 20:00 h a 21:15 h.

De 14 anos en diante e adultos/as

Luns de 21:15 h a 22:30 h.

Adultos/as

CACHEIRAS ESCOLA DE TRAS DO EIXO

Martes de 16:15 h a 17:30 h.

De 6 a 10 anos

Martes de 17:30 h a 18:45 h.

De 3 a 6 anos

Martes de 18:45 h a 20:00 h.

De 11 a 14 anos

Martes de 20:00 h a 21:15 h.

De 14 anos en diante e adultos/as

Martes de 21:15 h a 22:30 h.

Adultos/as





OBRADOIRO DE CUSTOMIZACIÓN E CREACIÓN DE ADORNOS, PRENDAS E COMPLEMENTOS

No Obradoiro das Escolas Culturais aprenderás a customizar e transformar prendas, calzado, obxectos e complementos para crear pezas únicas. A través da reciclaxe e a estética, explorarás diferentes técnicas de personalización, dando renda solta á túa creatividade para converter calquera obxecto en algo orixinal

A RAMALLOSA AUDITORIO MUNICIPAL

Luns de 18:30 h a 19:30 h.

De 6 a 16 anos

Luns de 19:30 h a 21:00 h.

A partir de 16 anos e adultos/as



OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA, EDICIÓN E RETOQUE

Obradoiro de fotografía no que se traballarán tanto as nocións básicas, ideais para aquelas persoas que están comezando, como a ampliación e perfeccionamento de técnicas. O curso estará impartido por unha persoa profesional en activo

A RAMALLOSA AUDITORIO MUNICIPAL

NIVEL I: Mércores de 18:30 a 19:30 h.

A partir de 14 anos e adultos/as

NIVEL II: Mércores de 19:30 a 21:00 h.

A partir de 14 anos e adultos/as



Farase unha proba valorativa de nivel o primeiro día de actividade para encadrarse nos grupos



GUITARRA

Obradoiro de guitarra impartido por un músico profesional no que se aprenderá dende o nivel máis básico ata o perfeccionamento das habilidades xa logradas

A RAMALLOSA AUDITORIO MUNICIPAL

NIVEL I: Martes de 17:30 h a 18:30 h.

Adultos/as e nenos/as desde os 9 anos

NIVEL II: Martes de 18:30 h a 19:30 h.

Adultos/as e nenos/as desde os 9 anos

NIVEL III: Martes de 19:30 h a 20:30 h.

Adultos/as e mocidade



Farase unha proba valorativa de nivel o primeiro día de actividade para encadrarse nos grupos

A idade mínima debe cumprirse entre o 01/01/2026 e 31/12/2026



TEATRO

Obradoiro de artes escénicas impartido por unha persoa profesional altamente formada no sector. Neste obradoiro traballaránse as competencias relacionadas coa comunicación, interpretación e de carácter social...

A RAMALLOSA AUDITORIO MUNICIPAL

Infantil: Xoves de 18:15 h a 19:15 h.

Nenos/as de 9 a 12 anos

Nivel I: Xoves de 19:30 h a 21:00 h.

Adultos/as

Nivel II: Xoves de 21:00 h a 22:30 h.

Adultos/as



Para os grupos dos adultos farase unha proba valorativa de nivel o primeiro día de actividade para encadrarse nos grupos



INFORMÁTICA E TECNOLOXÍAS DIXITAIS

Obradoiro impartido por un/unha profesional, no que se traballará con ferramentas dixitais para a aprendizaxe do desenvolvemento de disciplinas tecnolóxicas así coma de coñecementos dixitais

A RAMALLOSA AUDITORIO MUNICIPAL


PROGRAMACIÓN, ROBÓTICA E IA

Xoves de 16:00 h a 17:00 h.

De 1º a 3º de primaria (6 a 8 anos)

Xoves de 18:00 h a 19:00 h.

De 4º a 6º de primaria (9 a 12 anos)



MECANOGRAFÍA E OFIMÁTICA

Xoves de 17:00 h a 18:00 h.

De 4º de primaria a 1º da ESO

Xoves de 19:00 h a 20:00 h.

De 4º de primaria a 1º da ESO





CLÁUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS ACTIVIDADES DAS ESCOLAS CULTURAIS MUNICIPAIS

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, o CONCELLO DE TEO titular do CIF P1508300I domiciliado en TRAVESÍA DA RAMALLOSA, 38, 15883, TEO, A CORUÑA con teléfono: 981815700 e enderezo electrónico: protecciondedatos@teo.gal. Contacto DPD: dpd@teo.gal, garántelle a protección de todos os datos de carácter persoal facilitados e infórmalle que tratamos a información que nos facilita coa finalidade de xestionar a solicitude de inscrición nas actividades das escolas culturais municipais do Concello de Teo, incluíndo os trámites administrativos que implica. A base legal para o tratamento dos seus datos é o seu consentimento, así como, o cumprimento dunha obriga legal e dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais e atender as posibles responsabilidades que puidesen derivar do cumprimento da finalidade para a que os datos foron solicitados. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas e órganos competentes na materia relacionada coa solicitude realizada e non se cederán a terceiros salvo nos casos en que exista unha obrigación legal. Con todo, indicar que para garantir unha adecuada prestación do servizo, resulta necesario que determinados provedores de servizos ou entidades traten datos por conta do responsable e como encargados do tratamento. Vostede ten dereito a obter información sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, polo que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, oposición e limitación ao seu tratamento na dirección postal TRAVESÍA DA RAMALLOSA, 38, 15883, TEO, A CORUÑA ou na dirección de correo electrónico protecciondedatos@teo.gal, identificándose suficientemente na súa solicitude por medios electrónicos ou, na súa falta, mediante solicitude debidamente asinada. Con todo, se o responsable do tratamento tivese dúbidas razoables en relación coa identidade da persoa física que cursa a solicitude poderá solicitar que se facilite información adicional necesaria para confirmar a súa identidade. Así mesmo, e especialmente se considera que non obtivo satisfacción plena no exercicio dos seus dereitos, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade nacional de control dirixíndose para estes efectos á Axencia Española de Protección de Datos.

EXENCIONES E BONIFICACIONES

Consultar no BOP nº 195 do 13/10/2011



INSCRICIÓN

- Realizarase do 28 de agosto ao 8 de setembro por sede electrónica ou no rexistro xeral do concello
- As listaxes provisionais saíran publicadas na web www.teo.gal o 11 de setembro.
- Terán preferencia as persoas participantes empadroadas en Teo.
- No caso de haber máis solicitudes ca prazas haberá un sorteo público na casa do concello. A data do sorteo sairá coas listas provisionais o día 11 de setembro.

PAGAMENTO DAS ACTIVIDADES DAS ESCOLAS CULTURAIS

Cada actividade está programada en tres cursos:

- 1º curso - de outubro a decembro (20 euros).
- 2º curso - de xaneiro a marzo (20 euros).
- 3º curso - de abril a maio (20 euros).

A efectividade da matrícula realizarase mediante o pago das taxas municipais correspondentes entre o 11 e o 23 de setembro.

Para manter a praza todo o curso hai que facer o pagamento completo (60 euros), se por algún motivo a persoa participante ten que deixar de asistir, pódese solicitar a devolución do segundo e terceiro curso, sempre e cando se faga a solicitude de devolución antes do comezo das clases (segundo curso: 1 de xaneiro, terceiro curso: 1 de abril).

No caso de non facer o pagamento do curso completo deberá facerse unha nova inscrición (non se garda a praza) e o pagamento dos cursos restantes (20 euros para cada curso) nas datas correspondentes:

2º curso: primeira quincena de decembro.

3º curso: primeira quincena de marzo. (Non se admitirán inscricións novas a partir do 15 de marzo)

Na ficha de inscrición hai que marcar a opción elixida (curso completo ou fraccionado). Para facer o pago recíbese por correo-e (o que facilidades na ficha de inscrición) o documento e as instrucións de pagamento.

NÚMERO DE PRAZAS

Faranse os grupos en función dos criterios do persoal monitor, do número de persoas inscritas e das condicións do espazo. De non haber un mínimo de participantes en algunha actividade, esta non se levará a cabo.

DURACIÓN

Do 1 de outubro ao 31 de maio.

NON HABERÁ ACTIVIDADES DURANTE AS VACACIÓNS ESCOLARES

NOTA IMPORTANTE

- Hai actividades que necesitan material específico (como poden ser: artes plásticas, guitarra etc.), que o terá que achegar o alumnado. No primeiro día de clase, os/as monitores/as indicarán o material que é preciso,
- Naquelas actividades onde haxa diferentes niveis, os/as monitores/as decidirán onde vai cada participante no primeiro día de clase ou mediante proba de nivel que se fixará con antelación.
- O Concello de Teo poderá realizar as modificacións, tanto nas actividades ofertadas coma nos horarios, instalacións e número de prazas, que estime oportunas por necesidades organizativas e de programación.
- Cando se teñan que suspender as actividades de forma inmediata comunicárase a través das redes sociais do Concello de Teo.
- Máis información no Departamento de Cultura do concello nas súas redes sociais e na páxina web.

É OBRIGATORIO TER FEITO O PAGAMENTO PARA PODER INICIAR O CURSO



981 941 063



auxilarcultura@teo.gal



www.teo.gal



Cultura Teo



Cultura Teo